Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Realiza exposicións orais con soltura, expoñendo variantes dun problema dado e modificando algún dato ou algunha condición.		
CA1.4 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Organiza os datos e descompón os problemas en partes máis doadas na busca da solución.		
CA1.5 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñeces situacións problemáticas da realidade e resólveas mediante ferramentas e estratexias matemáticas: mide, comunica, clasifica e predicir.		
CA1.6 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Realiza proxectos interdisciplinares recoñecendo a achega de outras materias.		
CA2.2 - Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	Realiza proxectos interdisciplinares recoñecendo a achega de outras materias.		
CA2.4 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representa conceptos matemáticos empregando en cada momento a ferramenta máis axeitada (libreta, aplicacións matemáticas (Geogebra...)).		
CA3.2 - Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e as experiencias matemáticas formando un todo coherente.	Resolve proxectos relacionando diferentes coñecementos e experiencias matemáticas.	TI	100
CA3.3 - Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	Realiza proxectos interdisciplinares recoñecendo a achega de outras materias.		
CA3.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Realiza proxectos interdisciplinares recoñecendo a achega de outras materias.		
CA3.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representa conceptos matemáticos empregando en cada momento a ferramenta máis axeitada (libreta, aplicacións matemáticas (Geogebra...)).		
CA4.2 - Comprobar a validez das solucións dun problema e elaborar respostas coherentes no contexto exposto, avaliando o seu alcance e repercusión desde diferentes perspectivas (de xénero, de sostibilidade, de consumo responsable etc.).	Realiza proxectos e traballos de clase, comprobando a validez das solucións e elabora respostas dende unha perspectiva de xénero, de sostibilidade, de consumo responsable...		
CA4.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Realiza exposicións orais con soltura, expoñendo variantes dun problema dado e modificando algún dato ou algunha condición.		
CA4.7 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representa conceptos matemáticos empregando en cada momento a ferramenta máis axeitada (libreta, aplicacións matemáticas (Geogebra...)).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Realiza proxectos interdisciplinares recoñecendo a achega de outras materias.		
CA5.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representa conceptos matemáticos empregando en cada momento a ferramenta máis axeitada (libreta, aplicacións matemáticas (Geogebra...)).		
CA5.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada, para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Comunica a información a través de gmail, Edixgal, páxina web...empregando unha linguaxe matemática coherente.		
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Emprega as matemáticas para a obtención do produto final do proxecto global para todo o curso: Scape Room.		
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Realiza o proxecto global do curso (Scape Room) coa motivación necesaria.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostra unha actitude positiva e perseverante na realización do proxecto global do curso: Scape Room.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Traballa correctamente en equipo, realizando as tarefas que lle correspondan e favorecendo a labor do equipo.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participa activamente dentro do equipo, aceptando e realizando o traballo que lle corresponda.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Educación financeira. - Métodos para a toma de decisións de consumo responsable atendendo ás relacións calidade-prezo e ao valor-prezo en contextos cotiáns. - Estimación e relacións. - Estratexias para a toma de decisión xustificada do grao de precisión requirida en situacións de medida. - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións. - Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc. - Visualización, razoamento e modelización xeométrica. - Modelización xeométrica para representar e explicar relacións numéricas e alxébricas na resolución de problemas.

Contidos

- Relacións xeométricas: investigación en diversos sentidos (numérico, alxébrico, analítico) e diversos campos (arte, ciencia, vida diaria).
- Igualdade e desigualdade.
- Identificación e aplicación da equivalencia de expresións alxébricas na resolución de problemas baseados en relacións lineais e cadráticas.
- Uso da tecnoloxía para a resolución de ecuacións e sistemas de ecuacións lineais con dúas incógnitas.
- Organización e análise de datos.
- Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables cualitativas, cuantitativas discretas e cuantitativas continuas.
- Recollida e organización de datos de situacións da vida cotiá que involucran unha soa variable.
- Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas mediante o uso de diferentes ferramentas tecnolóxicas (calculadora, folia de cálculo, aplicacións móbiles...) para pescudar como se distribúen os datos, interpretalos e obter conclusións razoadas.
- Incerteza.
- Interpretación da probabilidade como medida asociada á incerteza de experimentos aleatorios.
- Asignación de probabilidades mediante a regra de Laplace.
- Inferencia.
- Formulación de preguntas adecuadas para coñecer as características de interese dunha poboación.
- Diferenciación entre poboación e mostra en problemas contextualizados. Selección e representatividade da mostra en casos sinxelos.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.
- Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación.
- Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.
- Traballo en equipo e toma de decisións.
- Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.
- Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflito.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.
- Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica nesta etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

Dende o departamento de matemáticas procuraremos o traballo en equipo con profesorado doutros departamentos (un claro exemplo é o proxecto interdisciplinar de centro "Vodas de Prata" no que estamos inmersos todos os departamentos didácticos), co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.

Os profesores/as da materia de matemáticas teremos en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares (actuacións recollidas no apartado "medidas de atención á diversidade").

Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentarse o uso das matemáticas, tanto no ámbito académico como na vida cotiá. Realizaranse en todos os cursos traballos e proxectos nos que os alumnos deberán utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación, a comunicación audiovisual e a educación cívica e o emprendemento.

Dende o departamento de matemáticas respectaremos e colaboraremos activamente coas horas de lectura marcadas no centro.

Promoveremos a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula (ordenadores de alumno abalar, encerado dixital, proxector, internet), como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

Realizaremos proxectos e traballos na aula e para casa (ás veces en equipo), algún deles relacionados co proxecto "Vodas de Prata", para favorecer unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración eficaz no currículo, intentando que os alumnos vaian adquirindo máis dunha competencia ao mesmo tempo.

- Levarase a cabo un control da actitude, esforzo e traballo do alumnado, mediante a observación diaria de realización de tarefas, tanto na clase como na casa, de entregas de proxectos en tempo e de actitude durante as sesións de clase.

- Cada alumno/a realizará, como mínimo, unha exposición oral durante o curso académico, mediante a cal se puntuará a súa capacidade de estimación, interpretación e comprensión dos contidos traballados.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material escrito
Material manipulable
Medios audiovisuais
Novas tecnoloxías

Material escrito:

- Libro dixital E-dixgal
- Fichas de actividades, exercicios e problemas.
- Textos literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos, e recortes destes.

Material manipulable:

- Material de debuxo: regra, escuadra e compás.
- Cintas métricas.
- Polígonos plásticos, figuras e corpos xeométricos.

Pentaminós sólidos e planos.
 Material de probabilidade: dados, fichas,...
 Cartolina para pezas xeométricas.

Medios audiovisuais:

Vídeos educativos: Colección *¿El universo matemático?*, Serie *¿Más por menos?*.
 Presentacións con power-point ou similar.
 Vídeos de YouTube con contido matemático como, por exemplo, "Código formas" de Marcus du Sautoe, "Potencias de 10. De lo más pequeño a lo más grande", etc.
 Vídeos de *¿Tutomate?*

Novas tecnoloxías:

Eva E-Dixgal.
 Google Classroom.
 Calculadoras científicas.
 Software matemático: Geogebra
 Follas de cálculo: Calc ou folla de cálculo de Google.
 Programas de edición de texto: Word, Writer¿
 Portais matemáticos: Redemat, Divulgamat, Descartes,...
 Páxinas web.
 Proxecto Gauss desenvolvido polo INTEL - Instituto de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial será realizada nos primeiros días de clase (a través dun cuestionario de Edixgal ou en papel). Os criterios de avaliación de referencia serán os de 2º curso de ESO. Os resultados desta proba, xunto co análise do expediente do alumnado e a información aportada por orientación servirán para coñecer o punto de partida de cada un dos alumnos/as.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	8	8	8	8	8	5	5	4
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
Táboa de indicadores	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	100
Proba escrita	0	70
Táboa de indicadores	100	30

Criterios de cualificación:

O alumnado obterá en cada avaliación dúas cualificacións: A e B.

A cualificación final da avaliación se obterá coa seguinte fórmula matemática: Nota final avaliación = $0,7*A+0,3*B$ (A representa o 70% da nota final e B representa o 30% da nota final).

Obtención da nota A: Para obter a nota A o alumnado realizará en cada avaliación 2 probas obxectivas (exames). A primeira proba será parcial (cos criterios de avaliación traballados ata o momento da realización da proba). A segunda proba será global, cos criterios de avaliación tratados durante toda a avaliación ata o momento da realización da proba. Serán avaliadas deste xeito as 10 primeiras unidades da programación durante todo o curso.

Para o cálculo da nota A se realizará a media ponderada entre as cualificacións das 2 probas obxectivas realizadas durante a avaliación (a proba parcial terá un peso do 35% e a nota final terá un peso do 65%).

Obtención da nota B: Para o cálculo da nota B o alumnado deberá obter 4 cualificacións: B1, B2, B3 e B4

A nota B resultará da realización da seguinte operación matemática: Nota B = $0,1*B1 + 0,1*B2 + 0,5*B3 + 0,3*B4$ (En caso de que o alumnado non poida obter algunha das cualificacións, a porcentaxe da mesma será repartida entre as demais cualificacións)

Obtención das cualificacións B1, B2, B3 e B4:

- Nota B1: Nota de actitude resultante da observación diaria do esforzo, implicación, traballo (individual e en equipo) e curiosidade do alumnado ao longo da avaliación.

- Nota B2: Nota media das actividades realizadas para puntuar a competencia lingüística (exposicións orais, debates, vídeos, presentacións...)

- Nota B3: Nota media das cualificacións obtidas nos traballos de clase (exercicios para recoller, cuestionarios de Edixgal, actividades no patio...)

- Nota B4: Nota media dos proxectos realizados durante a avaliación sobre os criterios de avaliación da unidade 13. Hai un mínimo de sesións reservado para esta unidade, de xeito que esta nota será obtida, polo menos, nunha das avaliacións (o ideal é que se puntue nas 3 avaliacións).

A nota global do curso será obtida calculando a media aritmética das notas finais de cada unha das 3 avaliacións.

A nota para o boletín de cada avaliación será a cualificación resultante de truncar a nota final de avaliación obtida ($0,7*A+0,3*B$). Deste xeito, unha alumna que teña unha cualificación final de avaliación de 4,9 obterá un 4 no boletín desa avaliación.

A nota para o boletín global do curso será a cualificación resultante de truncar a nota global do curso obtida (Un 4,65 na nota global será un 4 no boletín). No caso de que un alumno/a teña unha cualificación de 10 na nota B1 en cada unha das avaliacións, realizarase redondeo en lugar de truncamento, é dicir, un 4,65 na nota global do curso será un 5 no boletín.

Criterios de recuperación:

Recuperacións ao longo do curso: poderanse realizar recuperacións das probas obxectivas que se considere oportuno ao longo do curso. Neste caso, a nota final da avaliación correspondente será calculada de novo, usando a maior das notas entre a recuperación e o exame de referencia.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Aquel alumnado que teña pendentes as matemáticas do curso anterior terán dereito a:

- Aprobar a materia pendente sempre que teña aprobada a materia do curso actual.
- Entregar os boletíns de exercicios (que se lle devolverán corrixidos) nas datas que determine o departamento (mínimo 1 boletín por cada exame parcial).
- Realizar dous exames parciais nas datas que determine o departamento. Para que o alumnado poida realizar estes exames parciais será necesario que teñan entregados os boletíns de exercicios correspondentes.
- Un exame final antes da avaliación final de xuño.

A cualificación efectuarase do seguinte xeito:

a) Por parciais (os alumnos/as que entreguen os boletíns puntualmente):

Primeiro parcial:

20% : os primeiros boletíns

80%: o primeiro exame parcial

Segundo parcial:

20% : os boletíns

80%: o segundo exame parcial

Se a nota media ponderada (60% 1º parcial, 40% 2º parcial) dos dous parciais e igual ou superior a 5 a alumna ou alumno quedalle superada a materia.

b) Exame final en xuño:

Se a alumna ou alumno non supera a materia nos parciais terá unha oportunidade de facer un exame global nas derradeiras semanas do curso (no mes de xuño). Se a nota deste é igual ou superior a 5 a persoa superará a materia.

c) Se o alumno/a supera a materia do curso actual, quedaralle aprobada a materia pendente con un 5. No caso de querer obter máis nota poderá presentarse o exame global que propondá o departamento entre a 3ª avaliación e a ordinaria.

6. Medidas de atención á diversidade

O obxectivo da ensinanza secundaria obrigatoria é atender as necesidades educativas de todo o alumnado, pero estes contan con distinta formación, intereses, necesidades. O tratamento da diversidade debe producirse dende o momento da detección dos distintos niveis de coñecementos e actitudes. Por iso, a atención á diversidade debe converterse nun aspecto característico da práctica docente diaria e que no departamento contemplaremos a dous niveis: na metodoloxía e nos materiais.

- Atención á diversidade na metodoloxía:

No mesmo momento en que se inicia o proceso educativo, comezan a manifestarse diferenzas entre o alumnado. A falta de comprensión dun contido matemático pode ser debida, entre outras causas, a que os conceptos ou procedementos sexan demasiados difíciles para o nivel de desenvolvemento matemático do alumno/a, ou a que se avanza con demasiada rapidez, e non da tempo para unha adecuada comprensión. En todas as unidades didácticas se traballarán boletíns de exercicios e problemas. O nivel dos mesmos será básico, é dicir, tratarán sobre os aspectos fundamentais dos criterios de avaliación incluídos nesa unidade, e algo máis avanzados (sobre todo no relacionado cos problemas).

Nos casos extremos, ou de atención a necesidades educativas especiais, se levarán a cabo, en colaboración co Departamento de Orientación, as correspondentes medidas de atención á diversidade que propón a Administración Educativa:

- Elaboración de adaptacións curriculares. Este alumnado traballará o seu currículo da área de matemáticas co profesor da materia, a través dun caderno de actividades individualizado que o profesor irá correxindo durante as sesións de clase. Estableceranse reunións periódicas co departamento de orientación para o seguimento e avaliación das adaptacións.

- Realización de reforzos educativos na aula. Para os alumnos con máis dificultades de comprensión, realizaremos na aula un reforzo educativo. Estes alumnos realizarán todos os exercicios dos boletíns, os básicos e os que presentan algo máis avanzados, se ben nestos últimos estaremos atentos cando se prantexe un problema na aula para axudalos na resolución, do mesmo xeito que teremos en conta que os exercicios para casa non sempre virán correctamente resoltos, o importante será o intento de resolución. En canto á realización de probas obxectivas, sobre todo no relacionado coa resolución de problemas, levaremos a cabo modificación das probas para alumnado con dificultades.

- Atención á diversidade nos materiais utilizados:

A selección dos materiais utilizados na aula ten unha gran importancia á hora de atender ás diferenzas individuais no conxunto de alumnos.

Utilizaranse materiais e recursos didácticos variados co fin de atender á diversidade da aula. Así, ben a partir de informacións escritas, a manipulación de obxectos, a visualización ou ás novas tecnoloxías poderemos facer chegar os coñecementos dunha maneira comprensiva ao alumnado. Canto máis variedades de medios manexemos a máis alumnos poderemos chegar. Porén, deberemos de recordar que estes materiais deben ser sempre moi ben escollidos porque non poden deixar de ser un medio e non un fin para a adquisición de novas aprendizaxes e coñecementos.

Os alumnos con adaptación curricular manexarán os seus propios materiais, se ben procuraremos que en moitas ocasións coincidan co resto do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Proxecto sobre movementos no plano								X
ET.2 - Proxecto sobre Estatística								
ET.3 - Proxecto sobre sistemas de ecuacións					X			
ET.4 - Boletíns de exercicios	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Proxecto sobre movementos no plano			X
ET.2 - Proxecto sobre Estatística	X		X
ET.3 - Proxecto sobre sistemas de ecuacións			X
ET.4 - Boletíns de exercicios	X	X	X

Observacións:

Dende o departamento de matemáticas estamos comprometidos co tratamento de elementos transversais en todos os niveis de educación secundaria. En cada un dos cursos da ESO realizaranse unha serie de proxectos (intentarase un por trimestre, mínimo un ao ano), nos que o tratamento de elementos transversais serán unha constante.

En concreto, para o curso de 3º de ESO levaranse a cabo os seguintes proxectos:

Un proxecto sobre movementos no plano (con conexión con Educación Plástica e Visual e Física e Química, Tecnoloxía, TICS...)

Un proxecto sobre Estadística (con conexión con Bioloxía, Informática, Lingua Castelá e Galega...)

Un proxecto sobre resolución de sistemas (con conexión con Tecnoloxía, Bioloxía, Física e Química...)

Ademais destes proxectos concretos, en todos os boletíns de exercicios creados polos membros do departamento, procuraremos que os enunciados dos problemas resulten de aplicación práctica e real para o alumnado, e que presenten conexións con outras materias. Por exemplo cálculos no xardín (bioloxía), aumentos e diminucións porcentuais en préstamos (economía), elaboración de dietas (educación física e bioloxía)...

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Proxecto "Vodas de Prata"	Continuaremos colaborando dende o departamento de matemáticas co proxecto interdisciplinar de centro "Vodas de Prata". Este proxecto trata sobre os 25 anos de vida do IES de Meaño.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiros para xornada de portas abertas	O alumnado de 3º de ESO presentará un Obradoiro de Estatística na xornada de portas abertas que se celebrará a final de curso para as familias.			X
Saídas ao exterior da aula	hai temas onde a posta en práctica no exterior da aula e posíbel e conveniente. Nese sentido, os alumnos farán saídas da aula dentro do recinto escolar, cando sexa posíbel e conveniente, que illustren aspectos dos temas. Tamén o alumnado realizara actividades prácticas no seu entorno, que serviran para evitar a desconexión entre as Matemáticas e a realidade na que o alumno se atopa.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado. Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado
Metodoloxía empregada
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva
Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
Medidas de atención á diversidade
Participación activa de todo o alumnado
Facilitación a cada alumna/o a axuda individualizada que precisa
Atención adecuada á diversidade do alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias
Implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación
Comunicación apropiada coa familia por parte de profesorado

Outros
Ofrecemento ao alumnado de forma rápida do resultado das probas

Descrición:

Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente adecuación da secuenciación e da temporalización, o logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación e a adecuación dos procedementos de recuperación establecidos para as diferentes avaliacións, no período entre a terceira avaliación e a avaliación ordinaria de xuño e para o alumnado con materias pendentas.

9. Outros apartados